



RESOLUCIÓN DO 24 DE MAIO DE 2021 POLA QUE SE DELEGA A REPRESENTACIÓN E A SINATURA A FAVOR DA VICERREITORA DO CAMPUS DE FERROL E RESPONSABILIDADE SOCIAL

De conformidade co establecido no artigo 20.1 da Lei orgánica de universidades, o artigo 34.1 dos Estatutos da Universidade da Coruña (UDC) dispón que “o reitor é a máxima autoridade académica da Universidade e ocupa a representación desta” e tamén que o reitor “exerce a dirección, goberno e xestión da universidade, desenvolve as liñas de actuación aprobadas polos órganos colexiados correspondentes e executa os seus acordos”. Así mesmo, o artigo 37.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña indica que corresponderalles aos vicerreitores “coordinar e dirixir as actividades no ámbito funcional ou xeográfico que lles encomende, baixo a autoridade do reitor” e que este “deberá determinar o número, denominación e ámbito de competencias dos vicerreitores”.

Pola súa banda, o artigo 9.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público establece que “Os órganos das diferentes Administracións Públicas poderán delegar o exercicio das competencias que teñan atribuídas noutros órganos da mesma Administración, aínda que non sexan xerarquicamente dependentes, ou nos Organismos públicos ou Entidades de Dereito Público vinculados ou dependentes de aquelas ”

Así mesmo, o artigo 12.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público establece que “Os titulares dos órganos administrativos poderán, en materias da súa competencia, que ostenten, ben por atribución, ben por delegación de competencias, delegar a sinatura das súas resolución e actos administrativos nos titulares dos órganos ou unidades administrativas que deles dependan, dentro dos límites sinalados no artigo 9”

De conformidade con todo o que se indica, esta Reitoría RESOLVE:

1ª.- Delegar na vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social a representación da UDC para a presentación da “Solicitud de prórroga para a concesión demanial que ten outorgada a Universidade da Coruña do inmovible sito na rúa Vázquez Barcaiztegui, nº 28 de Ferrol e a presentación do informe anual da revisión e inventario das instalacións”.

2ª.- Designar a vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social como representante da Universidade da Coruña para calquera outra actuación relativa á concesión demanial de dito inmovible.

3ª.- Delegar na vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social a sinatura da documentación necesaria para a presentación de dita solicitude.

4ª.- Esta resolución a favor da vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social produce efectos o mesmo día da súa sinatura logo da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC

A Coruña, 24 de maio de 2021

O reitor

Código Seguro De Verificación	tU8UmWG3J1+YVSZa17LogA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	24/05/2021 13:05:37
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/tU8UmWG3J1+YVSZa17LogA==		

